

Día Internacional contra a Contaminación Electromagnética 2008.

Os colectivos da provincia de Pontevedra hoxe aquí reunidos (asociacións de veciños, de nais e pais, ecoloxistas e colectivos de afectados) queremos denunciar, con motivo do 24 de xuño, Día Mundial contra a contaminación electromagnética, á proliferación caótica e descontrolada de infraestruturas eléctricas e redes de telecomunicación, que se converteu nun problema medio ambiental e de saúde pública, e apoiamos a necesidade dun cambio lexislativo profundo a nivel estatal, autonómico e municipal; nas normativas que regulan este tipo de actividades.

Ante a lexislación estatal tanto do Sector Eléctrico coma das Telecomunicacións que só atenden os intereses das grandes compañías eléctricas e dos operadores de telefonía, a mobilización social (movemento veciñal, ecoloxista, sindical, de nais e pais, ...) obrigou a algunhas comunidades autónomas e concellos a establecer normativas máis preventivas e niveis de exposición ao público máis restritivos intentando compatibilizar o desenvolvemento enerxético eléctrico e da telefonía móbil coas súas posibles afeccións ambientais e para a saúde pública.

Estamos asistindo ao establecemento dunha trama das telecomunicacións que supón unha proliferación no medio rural e urbano de toda unha serie de infraestruturas de antenas estacións base GSM, DCS e LMDS, dipolos repetidores, antenas de alta ganancia, picocélulas e micro-antenas, radio-enlaces, etc., ou os novos sistemas Wi-Fi. A instalación de 55.000 novas antenas estacións base de telefonía móbil da rede UMTS a nivel estatal vai supor novos problemas na súa localización e un aumento significativo da contaminación electromagnética á que estamos sometidos.

A este crecemento sumouse, na práctica, un cúmulo de irregularidades urbanísticas que afectan a moitas instalacións de telefonía móbil: carencia da preceptiva licenza urbanística, vulneración da altura máxima que determinan as ordenanzas de edificación municipais, incumprimento da norma básica española de protección contra incendios (NBE-CPI 96), etc. O **informe do Valedor do Pobo 2006** (presentado este ano no Parlamento galego), lembra (coa xurisprudencia actual) as obrigas e incumprimentos municipais ante a proliferación sen control municipal das antenas base de telefonía móbil: incumprimento de exixir a Licenza de actividade ("**Todas as instalacións necesitan licenza municipal de funcionamento, de acordo co RAMINP**") e a obriga de cumprir co PRINCIPIO DE PRECAUCION na súa tramitación ("**As publicacións científicas non negan que as antenas sexan prexudiciais, polo que o principio de prevención obriga a afastar as instalacións dos núcleos habitados e das vivendas**").

O Proxecto Reflex (estudo financiado pola Unión Europea, coa participación de 12 países co obxecto de coñecer a influencia de campos electromagnéticos) conclúe que a exposición continuada ás ondas electromagnéticas tanto de baixa frecuencia (liñas de alta tensión, transformadores, subestacións) como de alta frecuencia (microondas -telefonía móbil-, radares, ...), **producen alteracións do ADN modificando a súa información xenética (acción xenotóxica) dentro dos niveis legais de exposición.**

O informe "BIOINITIATIVE REPORT 2007" redactado por 14 científicos e expertos en saúde pública para documentar as evidencias científicas dos campos electromagnéticos sobre a saúde; coa revisión doutros 12 críticos externos máis e a implicación da propia Axencia Europea de Medio Ambiente, **chama a cambiar urxentemente os límites públicos de exposición existentes de seguridade que consideran inadecuados tanto para os campos electromagnéticos de baixa frecuencia como os de radiofrecuencias e microondas.**

Son diversas as conferencias internacionais de prestixiosos científicos independentes as que alertan sobre os posibles efectos e perigos para a saúde

pública (Declaracións de Viena 1998, Salzburgo 2000, Roccaraso 2000, Alcalá de Henares 2002, Catania 2002, Friburgo 2002).

Investigacións epidemiolóxicas publicadas en revistas científicas de prestixio, sinalan unha elevada incidencia de cancro na área de influencia dunha antena: O estudo israelí de Ronni Wolf & Danny Wolf (2004) sinala unha cifra de 4,15 veces maior crecemento de cancro nun radio de 350 metros, o estudo alemán Naila de Eger, H et al. (2004) establecía un incremento do cancro de 3,29 veces máis nun radio de 400 metros. A estes estudos súmase o estudo austríaco rematado recentemente, realizado polo Departamento de Saúde de Steiermark (iniciado no ano 2005) que tamén constata un aumento significativo do risco de cancro no radio dunha antena.

A normativa estatal e autonómica no sector eléctrico debería introducir o principio de precaución nas liñas de alta tensión e subestacións: distancias de seguridade, rebaixa significativa dos niveis de exposición a campos electromagnéticos, reserva específica de chan para esas infraestruturas fóra de zonas residenciais.

As normativas sobre o espazo radioeléctrico estatal, autonómico e municipal (cada cal dentro das súas competencias) deberían, en conxunto, cumprir/ facilitar / colaborar na consecución das seguintes metas:

- Aplicación efectiva do principio de precaución para os posíbeis efectos bio-sanitarios e do principio ALATA (exposición a mínima emisión tecnicamente posible): por baixo de $0'1 \mu\text{W}/\text{cm}^2$ para as emisións de telefonía móbil, e por baixo de $10 \mu\text{W}/\text{cm}^2$ para a suma de tódalas emisións de alta frecuencia (radio, televisión, telefonía móbil, radioenlaces, antenas de radioaficionados, etc.).
- Participación activa dos axentes sociais e organizacións ambientais con criterios de prevención da saúde pública: nos procesos de selección e control da localizacións das estacións base de telefonía móbil, e na información previa á instalación.
- Minimizar os impactos paisaxísticos e ambientais no medio rural e urbano.
- Estudos epidemiolóxicos sobre poboacións que sexa exposta dun xeito continuo a contaminación electromagnética.
- Transparencia e independencia na inspección, rexistro de emisións e seguimento; cunha base de datos pública e un mapa radioeléctrico urbano que reflecta o conxunto de emisións radioeléctricas.
- Elaboración dun Código de bos usos respecto ao móbil para a poboación xeral, e Campañas específicas de educación para a saúde contra o abuso do móbil e condutas adictivas, especialmente entre cativos e adolescentes.
- Moratoria no despregamento das redes UMTS e sistemas wireless


CHAMAMOS AOS DISTINTOS CONCELLOS:

- AO PECHE CAUTELAR DAS ANTENAS ILEGAIS

- A REGULAMENTAR O ESPAZO RADIOELECTRICO EN BASE AO PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN (COA PARTICIPACIÓN SOCIAL) EN ZONAS SENSÍBEIS (COLEXIOS, CENTROS SANITARIOS, CENTROS DE MAIORES) E RESIDENCIAIS.

OS INTERESES ECONÓMICOS NO PODEN PREVALECER POR ENRIBA DA SAÚDE DAS PERSOAS

Ver asinantes



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS “PARDO BAZAN”, CEIP FROEBEL (PONTEVEDRA)
ASOCIACIÓN VECIÑAL A PAZ (VIGO)
ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO (VIGO)
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CHAPELA (REDONDELA)
ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING (VIGO)
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS (VIGO)
ASOCIACIÓN VECIÑAL VAL DO FRAGOSO (VIGO)
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE (VIGO)
ASOCIACIÓN PEDRA CHOCO (CANGAS)
ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA. PONTEVEDRA
CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES (VIGO)
COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ANTENA DE ROSALÍA DE CASTRO 45-47 (PONTEVEDRA)
COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ANTENA DE JOSÉ CASAL 10. PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)
COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE AS BARXAS (MOAÑA)
COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE SANTA LUCÍA (MORAÑA)
LUITA VERDE (MORRAZO)